



REAL CORO “TOXOS E FROLES”

Fundado en 1915

DECANO DOS COROS GALEGOS

MEDALLA DE OURO DE GALIZA

IV CONCURSO DE CUARTETOS DO REAL CORO “TOXOS E FROLES”

1. Poderán participar tódolos instrumentistas que o desexen, independentemente da súa procedenza xeográfica.
2. Únicamente serán admitidos instrumentos tradicionais galegos.
3. Os cuartetos estarán conformados por dúas gaitas, tambor e bombo.
4. Os instrumentistas única e exclusivamente poderán formar parte dun cuarteto.
5. Os concursantes deberán vestir o traxe tradicional galego.
6. Un membro do cuarteto deberá vestir o traxe tradicional ata o remate do concurso.
7. Establecerase unha única categoría na que participarán ata un máximo de 10 grupos.
8. Para a selección dos grupos terase en conta as pezas presentadas a concurso, o curriculum e a orde de inscrición.
9. Os cuartetos que desexen participar deberán remitir a folla de inscrición que se adxunta e que tamén pode ser atopada na páxina web do Real Coro “Toxos e Froles” (www.toxosefroles.com).
10. As inscricións deberán ser remitidas á dirección seguinte
- info@toxosefroles.com
O prazo de inscrición remata o Venres 20 de Febreiro de 2015.

11. O concurso terá lugar na Sede do Real Coro “Toxos e Froles”, na Rúa Magdalena 220 de Ferrol, o **Sábado 28 de Febreiro de 2015 ás 20:30 horas**.
12. Os cuartetos seleccionados deberán estar presentes na Sede do Real Coro “Toxos e Froles” ás 19:30 horas para confirmar a súa asistencia.
13. A orde de actuación farase por sorteo por membros da Xunta Directiva do Real Coro “Toxos e Froles” e será feita pública na páxina web da Entidade.
14. A actuación dos cuartetos terá unha duración mínima de 5 minutos e máxima de 6 minutos. Haberá que interpretar obrigatoriamente un ritmo de muiñeira ou xota, quedando á elección dos músicos a mostra doutras melodías.
15. As pezas a interpretar deberán ser tradicionais ou populares. No caso de non ser así o Real Coro “Toxos e Froles” remitirá á agrupación participante correspondente calquera gasto referido ós dereitos de autor no caso de seren requeridos pola SGAE.



REAL CORO "TOXOS E FROLES"

Fundado en 1915

DECANO DOS COROS GALEGOS

MEDALLA DE OURO DE GALIZA

16. O tempo de actuación comezará a contar de xeito continuo co inicio da interpretación. Cada cuarteto disporá de **1 minuto para afinar no escaerío**.
17. A folia de inscrición deberá ir acompañada coas partituras das melodías para gaita a interpretar polos concursantes. Asemade, adxuntarase un pequeno curriculum dos instrumentistas.
18. O concurso estará dotado dun **único premio de 1.200 €**.
19. Aos cuartetos admitidos para participar no concurso se lles fará entrega de **50€** en concepto de dietas de desplazamento o día do concurso.
20. As gravacións audiovisuais que faiga o Real Coro "Toxos e Froles" do concurso pasarán a formar parte do arquivo da Entidade, reservándose o seu dereito de uso.
21. O Xurado estará composto por persoas coñecedoras da música tradicional galega.
22. O Secretario do Real Coro "Toxos e Froles" será o encargado de levantar acta e facer públicas as decisións do Xurado.
23. O Xurado valorará a afinación, o emprego de dixitacións galegas, ornamentación, recursos interpretativos, dificultade das pezas, estética, ... e o empaste entre os instrumentistas.
24. O Xurado será o encargado de xulgar as actuacións dos participantes seguindo o estipulado nas presentes bases e asignará o premio, que en ningún caso poderá quedar deserto.
25. A inscrición no concurso implica a aceptación das presentes bases. O Xurado poderá descalificar a calquera concursante que non cumpra co estipulado nas bases.
26. A decisión do Xurado será inapelable.